

## DECRETO

**Ilma. Sra. D<sup>a</sup>. Tareixa A. Ferreiro Tallón, tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.**

Instruído o expediente relativo a: **Bases que rexerán o proceso de matrícula nos campamentos de pascua (Semana Santa 2026) no MIHL do Concello de Lugo 2026.**

Vista a proposta do xefe de servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente de data 24/03/2025 onde se recollen as Bases que rexerán o proceso de matrícula dos campamentos de pascua no MIHL, transcritas na parte dispositiva.

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo XGL número 40/607 do 26/07/2023 e Decreto número 10280/2025 de 04/11/2025 nas súas actuais redaccións, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases e convocatoria do proceso de matrícula nos campamentos de pascua (Semana Santa 2026) no MIHL do Excmo. Concello de Lugo que seguidamente se transcriben:

**<< Asunto: Aprobación das bases que rexerán o procedemento de matrícula nos campamentos de Semana Santa 2026.**

*Os campamentos para menores do museo Muhl veñen funcionando nos períodos vacacionais cunha gran acollida, contemplándose dentro das actividades a realizar por parte da empresa prestadora do Servizo. Por ditos motivos, enténdese necesario convocar un campamento durante as vacacións de Semana Santa 2026 conforme as correspondentes Bases.*

*Á vista do anteriormente exposto, en virtude das atribucións que confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo XGL número 40/607 do 26/07/2023 e Decreto número 10280/2025 de 04/11/2025 nas súas actuais redaccións,*

**PROPONSE** para a súa aprobación pola tenente de alcalde titular da Área, mediante a correspondente resolución:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases que rexerán o procedemento de matrícula no campamento de Semana Santa 2026 no MIHL que de seguido se transcriben:

**Asunto: Bases que rexerán o procedemento de matrícula no campamento de pascua (Semana Santa 2026) no MIHL.**

**1.- Obxecto da convocatoria:**

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de matrícula no Campamento de Pascua de Semana Santa 2026 no museo MIHL.

As actividades realizadas no campamento serán fundamentalmente de contido artístico, potenciando a creatividade das persoas participantes. A duración prevista é de catro xornadas ao longo das cales desenvolveránse actividades artísticas diferentes e traballarase a creatividade coa elaboración de ovos de Pascua, dun poliño de Pascua, e, por último, a elaboración dun coello de monicreque de Pascua. Ademais da creatividade traballaránse as habilidades psicomotrices cunha carreira e a gran búsqueda de ovos de Pascua polo museo.

**2.- Destinatarios/as.**

Poderán solicitar praza as nenas e nenos con empadronamiento no Concello de Lugo e que teñan nacido entre os anos 2014 e 2022 (ambos anos incluídos).

O número de prazas ofertadas é de 20.

As nenas e nenos que opten a praza deberán de ter autonomía para ir ao baño.

**3.- Modalidade do servizo, horarios e período de prestación deste.**

O campamento de pascua levarase a cabo nas instalacións do museo os días 30 e 31 de marzo e 1 e 6 de abril de 2026.

Horario: de 9:15 a 13:45 horas.

O número total de prazas ofertadas son 20.

A recollida das e dos participantes realizarase por parte das persoas que presentaron a inscrición. No caso de non ser así, a persoa que acuda debe estar autorizada por escrito polas nais, pais ou titoras/es da/o menor.

As persoas autorizadas para a recollida non poderán ser menores de idade. Non será posible que as/os participantes acudan ou abandonen a actividade sen estar acompañadas/os por unha das persoas autorizadas.

**4. Normas de participación e materiais.**

- A persoas participantes non poderán saír ou abandonar a actividade sen o acompañamento da nai, pai ou titoras/es autorizadas/os.
- Gardaranse as normas de respecto entre as persoas inscritas e as/os monitoras/es.
- As persoas participantes deberán seguir as directrices sinaladas en todo momento polo persoal responsable e monitoras/es do programa. Non está permitido ningún tipo de comentario violento, físico e verbal.

- Todas as persoas inscritas no campamento de verán deberán asistir e participar nas actividades programadas durante as semana, agás xustificación oportuna.
- No caso de que a persoa participante presente algunha enfermidade, alerxia ou información relevante que se considere que poida influír na participación dalgunha actividade ou pola que sexa necesario prestar especial atención, deberá comunicarse á organización antes do inicio das actividades.
- As persoas inscritas no programa deberán manter unha hixiene individual diaria adecuada para o correcto desenvolvemento do programa e unha boa relación interpersoal.
- Todas as persoas participantes deberán asistir con roupa cómoda e ademáis levar un mandilón ou similar para protexer a roupa durante as actividades.
- Todas as persoas participantes deberán acudir cunha mochila ben identificada que inclúa os seguintes enseres tamén identificados: botella de auga, gorra e pequena merenda.
- Durante a actividade non está permitido o uso de teléfono móbil, consolas e ningún outro dispositivo electrónico. Tampouco é recomendable traer obxectos de valor que sexan innecesarios ou delicados. A organización do programa non se fará responsable da perda, roubo ou extravío de ditos obxectos.
- O incumprimento destas normas por parte das persoas participantes suporá a toma de medidas oportunas por parte da organización, reservándose o dereito de expulsión se considera que a situación producida pode influír de forma negativa no correcto desenvolvemento do programa.

#### **5. Procedemento de solicitude e concesión do servizo.**

O procedemento de concesión do servizo iniciarase a solicitude das persoas interesadas, e realizarase por orde de inscrición mediante correo electrónico nas seguintes datas:

- A partir das 10:00 horas do día 25 ata as 19:30 horas do 26 de marzo.

As solicitudes deberán de ser dirixidas á dirección de correo do museo MIHL:  
[museo.mihl@lugo.gal](mailto:museo.mihl@lugo.gal)

Tamén se poderá presentar a solicitude de xeito presencial no MIHL, que recepcionará vía email dita solicitude xa que non se admitirán inscricións que non estean presentadas por correo electrónico.

No correo de solicitude indícaranse os seguintes datos:

Nome e apelidos da alumna/o  
Data de nacemento  
Teléfono de contacto

No caso de irmáns a solicitude realizarase nun mesmo correo electrónico.

#### **6.- Criterio de adxudicación.**

As prazas outórganse por rigurosa orde de inscrición.

A listaxe de admitidos será publicada o día 27 de marzo. O prazo de formalización será ata o día 29 de marzo.

**Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua**

XMCR/pls

Refº: ispac239335811244801645.doc

Asunto: Decreto aprobación de bases proceso matrícula MIHL Semana Santa 2026

*Unha vez admitidos, deberase de aportar a documentación necesaria para realizar a formalización da inscrición.*

- *Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor legal que presente a solicitude.*
- *Fotocopia do DNI do menor ( no caso de telo).*
- *Folla de inscrición cuberta.*
- *Autorización da toma de imaxes no seu caso.*

*De non formalizarse a inscrición no prazo establecido perderase o dereito á praza podendo ser cuberta polo primeira nena ou neno da lista de agarda.*

*No suposto de que algunha das persoas admitidas incumpran as obrigas de asistencia sen a xustificación oportuna, causará baixa na actividade solicitada, sendo cuberta a praza con alumnas/os da lista de agarda.*

*No caso de quedar prazas libres, unha vez rematada a listaxe de agarda, poderán cubrirse con participantes que xa optaran a outras quendas, mediante correo electrónico ou inscrición telefónica.*

*Reservarase un 25% das prazas ofertadas para nenos e nenas derivados polos equipos de intervención con familias do Excmo. Concello de Lugo dos Servizos Sociais de Base.*

**7.- Protección de datos.**

*De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase de que os seus datos persoais son tratados polo Concello de Lugo coa finalidade de tramitar a súa solicitude. A persoa titular poderá exercer os seus dereitos de oposición, acceso, rectificación ou cancelación, a través do Rexistro Xeral deste Concello, con domicilio na Pza. Maior s/n, onde lle facilitarán o impreso correspondente, ou na forma prevista na Lei 30/1992, de 26 de novembro.*

**8.- Consentimento expreso.**

*A presentación cumprimentada da solicitude de participación no programa de Campamento de pascua de semana santa no Mihil supón a total aceptación destas bases.*

**SEGUNDO.-** *Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no taboleiro de edictos, nas redes sociais do MIHL e na páxina web do Concello (<http://concellodelugo.gal>).*

**TERCEIRO.-** *Notificar a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, ao interesado coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer os correspondentes recursos.*

*É canto procede informar. >>*

**SEGUNDO.-** *Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no taboleiro de edictos, nas redes sociais do MIHL e na páxina web do Concello.*

**TERCEIRO.**- Notificar a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, ao interesado coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Así mesmo, deáselles trasladados as dependencia e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.